

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP ARTEIXO**  
**CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**MATERIA: LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS**  
**DATA: 11 DE MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e que contén con apoio visual.	Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, narracións e presentacións breves.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis relevante do texto.	Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais.
Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos.	Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves.
Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata e de obxectos usando expresións e frases sinxelas.	Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a.
Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	Reproduce comprensiblemente textos orais e breves (cancións, recitados...)
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	Comprende frases simples escritas e a idea principal de historias sinxelas.
Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá en situacións familiares.	Escribe frases, conversas e textos sinxelos seguindo modelos dados.
Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	Memoriza rutinas lingüísticas básicas para desenvolverse nas interaccións máis habituais.
Amosar interese por facer as tarefas o mellor posible.	Amosa interese en facer as tarefas individuais con corrección, limpeza e respecto dos prazos de execución.
Obter e dar información básica persoal e da súa contorna máis inmediata.	Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades) sobre si mesmo e sobre os demais.
Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	Utiliza as rutinas de saúdo e despedida (hello, goodbye, see you...)
Identificar palabras con frases.	Identifica e asocia palabras e frases simples con imaxes.
Expresar a localización de obxectos.	Expresa e identifica a localización de obxectos.
Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión,	Expresa nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número,

número, calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico, días da semana, meses, habilidade, pezas de roupa, partes da casa.

calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico, días da semana, meses, habilidade, pezas de roupa, partes da casa.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:  A avaliación será continua, formativa e inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe a través de actividades elaboradas para o seu nivel de madurez.  Actitude, participación e esforzo.</p>
	<p>Instrumentos:  Análise das tarefas e actividades encomendadas.  Probas de avaliación (oral ou escrita) da 1ª e 2ª avaliación.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>70 % Avaliación 1ª e 2ª  30% Actividades da 3ª avaliación</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de lectura, escritura, audicións, comprensión oral e comprensión escrita.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	As actividades que non se poidan ou non se queiran imprimir, poderanse escribir os exercicios no caderno e no caso de poñer páxinas web con cancións, vídeos ou xogos on line non serán obrigatorios nin será para ampliar contido.
<b>Materiais e recursos</b>	Cancións, vídeos, xogos on line, fichas, Class Book e Activity Book.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Información ás familias e ao alumnado na páxina web do centro no mesmo lugar onde se poñen as actividades de Inglés a realizar durante o estado de alarma.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.